

1º Educación primaria

Día das letras galegas 2020

CEIP LAVERDE RUIZ

RICARDO CARVALHO CALERO

1º EP

O escritor Ricardo Carvalho Calero naceu na cidade de Ferrol o 30 de outubro de 1910. Era o fillo maior de M.^a Dolores e Gabriel

Ricardo. Tivo cinco irmáns máis.

De pequeno estudou en Ferrol, nunha escola da rúa Magdalena, a rentes da súa casa, e nun colexio dirixido polo escritor Manuel Comellas. Ao acabar o bacharelato marchou á universidade de Compostela.

Escribiu en moitas revistas galegas e sempre defendendo o idioma e a cultura galega: *A Nosa Terra, Nós, Guión, Galiza, Re- sol, Universitarios...*


Tamén é autor de moitos libros de poemas, teatro, relatos... entre os que hai que salientar *Axente da Barreira* e *Scórpio*.

As pitas baixo a choiva, dirixido aos máis pequenos, cóntanos un feito que lle pasou a Ricardo cando era neno. Quería recoller as pitas que se estaban a mollar no patio. Ao final do relato estaban todos mollados como pitos: as pitas, el e toda a súa familia.


Foi profesor do instituto Rosalía de Castro de Santiago, e o primeiro catedrático de Lingua Galega da universidade.

Tamén foi membro da Real Academia Galega (RAG) e o seu discurso de ingreso foi sobre a poetisa galega Rosalía de Castro.

Este ano a RAG dedícalle o Día das Letras Galegas pola súa defensa do idioma galego e da súa cultura.



RICARDO CARVALHO CALERO




**EN AS PITAS BAIXO A CHOIVA
RICARDO CARVALHO NARRA
UN FEITO DA SÚA INFANCIA:
METER AS GALIÑAS NO
GALIÑEIRO NUN DÍA DE
CHOIVA.**


ACTIVIDADES BIOGRAFÍA CARVALHOCALERO

1º EDUCACIÓN PRIMARIA



1.- Cal é o nome do escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas? Completa.




2.- Cantos irmáns tivo Ricardo? Colorea.



3.- Que camiño ten que seguir Ricardo para chegar a tres das revistas nas que traballou?



4.- Imaxina a capa do libro de *As pitas baixo a choiva* e debúxaas.



5.- Que lembranzas de Ricardo Carvalho Calero? Colorea.

-Naceu en .

-É fillo de .

-Estudou en